

**Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno
correspondente ao día 24 de xuño de 2024**

Con data vinte e catro de xuño ano dous mil vinte e catro, ás dez horas, réunese a Xunta de Goberno da Deputación na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, co fin de realizar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente:

D. Luís Menor Pérez

Deputados/as:

D.^a Marta Novoa Iglesias

D. Rosendo Luis Fernández Fernández

D. Jorge Pumar Tesouro

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D. César Manuel Fernández Gil

D. Manuel Seoane Rodríguez

D.^a Teresa Barge Bello

Secretario:

D. Adamantino Barreiro García

Interventora:

D.^a María Begoña Álvarez Matos

Non asiste o deputado provincial D. Plácido Álvarez Dobaño que escusa a súa ausencia.

A continuación iníciase o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do modo que se reflicte a continuación:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 17 DE XUÑO DE 2024.- A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 17 de xuño de 2024.

Non se producen intervencións, polo que a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

- Aprobación da acta da sesión ordinaria do día 17 de xuño de 2024, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- APROBACIÓN DO PLAN ANUAL DE PUBLICACIÓNS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O EXERCICIO 2024. De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobación do Plan anual de publicacións da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2024, co seguinte contido:

I. Memoria xustificativa.

Os elementos determinantes tomados en consideración para a elaboración deste Plan anual de publicacións 2024 foron os seguintes:

a) En primeiro lugar, o contido preceptivo do dito plan establecido polo artigo 6 da Ordenanza de publicacións da Deputación, conforme ó cal o plan debe conter, como mínimo, os criterios xerais para a selección e edición de obras ó longo do exercicio, os criterios para a realización de obras en réxime de coedición, a previsión de edicións ou liñas de publicacións concretas, as convocatorias de selección ou encargo de obras previstas, e o custo estimado das accións previstas.

b) En segundo lugar, as disponibilidades orzamentarias existentes, que se limitan a un importe de 90.000,00 euros para edicións e publicacións, conforme se establece no capítulo II do programa de gasto 33416 (edicións e publicacións) dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2024.

Seguindo os elementos que conforman o contido deste plan, os criterios seguidos foron os seguintes:

No que se refire ós criterios xerais para a selección e edición de obras ó longo do exercicio, distinguíuse entre obras que non son seleccionadas mediante concorrencia competitiva e as que si o son.

Por unha parte temos unha serie de obras que poderán editarse sen concorrencia competitiva:

*Edición de obras que recollan a actividade propia dos servizos da Deputación Provincial.

*Reedición de obras anteriormente publicadas pola Deputación.

*Edición de obras de autores ourensáns de recoñecido prestixio, ou que teñan a consideración de clásicos da cultura galega, en particular edicións de carácter conmemorativo, facsímiles ou edicións críticas.

*Edición de obras que foron obxecto de premios outorgados pola Deputación.

Por outra parte, no caso das obras que serán seleccionadas mediante concorrencia competitiva, optouse por prever a súa selección, como en exercicios anteriores, atendendo exclusivamente a criterios de calidade das obras ofertadas, e ó seu interese para os fins de divulgación da realidade ourensá e de fomento da cultura propios do servizo de Publicacións. Estes criterios, pola súa propia natureza, non son susceptibles dunha baremación obxectiva, ó depender de xuízos de valor. Considérase a este respecto que debe ser a Presidencia da Deputación, a que motive de xeito suficiente a determinación das obras que finalmente se seleccionen.

En canto á previsión de liñas de publicación concretas, neste exercicio a Deputación establece para o concurso dúas liñas ou apartados de edición:

a) Unha liña para a edición de ao menos unha publicación referida ao estudo dos bens culturais específicos da provincia de Ourense (A), co fin de que sexan estudados, se divulguen, e se poidan protexer, e transmitir o seu coñecemento ás xeracións futuras. Entendendo por bens culturais específicos os que caben dentro do título VII da Lei de Patrimonio Cultural de Galicia que inclúe: patrimonio artístico, arquitectónico, etnolóxico e arqueolóxico:

a1. Patrimonio artístico: o estudo das manifestacións pictóricas, escultóricas, cinematográficas, fotográficas, musicais e das restantes artes plásticas, de especial relevancia, de interese para Ourense.

a2. Patrimonio arquitectónico: coñecemento de inmobles e obras da arquitectura e a enxeñería histórica ourensáns ás que se lles recoñeza un papel relevante na construción do territorio e a súa caracterización cultural e que sexan testemuño dunha época histórica.

a3. Patrimonio etnolóxico: lugares, bens mobles ou inmobles, expresións, así como, crenzas, coñecementos, actividades e técnicas transmitidas por tradición, que se consideren relevantes o expresión significativa da identidade, a cultura e as formas de vida do pobo ourensán ao longo da historia.

a4. Patrimonio arqueolóxico: Patrimonio cultural de Ourense de interese histórico, mobles e inmobles, susceptibles de ser estudados con método arqueolóxico.

b) Unha liña xeral (B) na que poderán presentarse ao concurso as obras seguintes:

b1. Compilacións, escolmas ou antoloxías de artigos publicados en periódicos locais de Ourense ou nas edicións locais de periódicos de ámbito máis amplo, así como gravacións ou transcripcións escritas de programas radiofónicos locais.

b2. Obras que teñan por obxecto o estudo ou divulgación do patrimonio natural de Ourense.

b3. Estudos históricos, científicos, xurídicos ou literarios relacionados coa provincia de Ourense.

b4. Obras artísticas, videográficas, literarias ou musicais de autores ourensáns de temática libre.

En todo caso, para seren admitidas a concurso, tanto para a modalidade **A** como a **B**, as obras deben cumprir os seguintes requisitos adicionais:

- a) Debe tratarse de obras concluídas na data de remate do prazo de presentación de solicitudes, polo tanto, dispoñibles para iniciar a preparación da súa edición no exercicio 2024.
- b) As obras deben ser exclusivamente orixinais.

Non se admitirán ao concurso solicitudes de autores que teñan publicadas dúas obras nas 5 últimas edicións do concurso (2023, 2022, 2021, 2020 e 2019), e/ou 3 obras nas últimas dez (entre as edicións do 2015 e 2023), ao abeiro do concurso para selección de obras para a súa edición ou coedición pola Deputación Provincial correspondentes aos referidos exercicios.

Admitiranse ao concurso, en ámbalas dúas liñas, as teses doutorais, TFG e TFM, e demais traballos científicos (actas de congresos, xornadas, simposios ou similares), sempre e cando este tipo de traballos vaian dirixidos ao público xeral e non a un público altamente especializado.

Con respecto ás convocatorias de selección de obras, e tendo en conta os criterios sinalados para a súa selección, considerouse que por razóns de simplificación da tramitación era preferible reducir as convocatorias a unha única, de carácter xeral, na que os interesados poderán realizar as ofertas tanto de obras para editar pola Deputación como de obras en réxime de coedición, e para as dúas modalidades.

En canto ó custo estimado das accións previstas, recóllense os custes orzados polos diferentes departamentos implicados nas publicacións, para as obras seleccionadas directamente, reservándose o resto do crédito dispoñible globalmente para as obras que se seleccionen en réxime de concorrència competitiva e en réxime de coedición, sen asignar contías concretas ás diferentes liñas de publicación, adiando a súa concreción ó momento en que se realice a selección. En todo caso, o orzamento previsto non superará a dotación dispoñible total de 90.000,00 €, prevista nos orzamentos da Deputación de Ourense para o exercicio 2024.

II. Determinacións do Plan Anual 2024.

1ª) Criterios xerais para a selección e edición de obras no exercicio 2024.

Os criterios para a selección e edición de obras no exercicio 2024 serán os seguintes:

- a) Con respecto ás obras non seleccionadas mediante concorrència competitiva: o Plan determina directamente estas obras, seguindo os criterios recollidos na memoria xustificativa.

b) Obras seleccionadas mediante concorrencia competitiva: establécense como criterios de selección a calidade das obras presentadas e o seu interese para os fins de divulgación da realidade ourensá e de fomento da cultura propios do Servizo de Publicacións. A valoración das obras deberá estar suficientemente motivada.

c) Obras en réxime de coedición: establécense como criterios de selección os seguintes:

- A calidade das obras presentadas e o seu interese para os fins de divulgación da realidade ourensá e de fomento da cultura propios do Servizo de Publicacións.
- A porcentaxe de participación do solicitante no custe total da edición.

Non se admitirán ao concurso solicitudes de autores que teñan publicadas dúas obras nas 5 últimas edicións do concurso (2023, 2022, 2021, 2020 e 2019), e/ou 3 obras nas últimas dez (entre as edicións do 2015 e 2023), ao abeiro do concurso para selección de obras para a súa edición ou coedición pola Deputación Provincial correspondentes aos referidos exercicios.

Admitiranse ao concurso, en ámbalas dúas liñas, as teses doutorais, TFG e TFM, e demais traballos científicos (actas de congresos, xornadas, simposios ou similares), sempre e cando este tipo de traballos vaian dirixidos ao público xeral e non a un público altamente especializado.

Ó abeiro do artigo 7.3 da vixente Ordenanza reguladora do servizo de publicacións, inclúese no Plan de publicacións 2024 a edición das seguintes obras:

2ª) Previsión de edicións e liñas de publicación concretas:

A) EDICIÓNS DE OBRAS NON SELECCIONADAS MEDIANTE CONCORRENCIA COMPETITIVA:

a) Edición de obras que recollen a actividade propia dos servizos da Deputación Provincial:

- *El origen de las diputaciones provinciales en el siglo XIX: dos siglos fomentando la prosperidad.*
- *Árbores monumentais de España.*
- *Raigame*, n.º 51.
- *Raigame*, n.º 52.
- *Xornal Raigame.*
- *A indumentaria tradicional galega. O traxe masculino.* Proposta pedagóxica.
- *Actas do VI Congreso de Patrimonio.*
- *Anuario da Gaita 2023*, n.º 38.

b) Reedición de obras anteriormente publicadas pola Deputación:

- *A indumentaria tradicional galega. O traxe feminino.* Proposta pedagóxica.
- Fernando Ramos: *La huella en Ourense del Zamora 8.*

c) Edicións de autores ourensáns de recoñecido prestixio, obras que teñan a consideración de clásicos da cultura galega, ou edicións de carácter conmemorativo, edicións facsimilares ou críticas:

- Coedición coa Fundación Jorge Jove dun libro sobre Eduardo Barreiros.
- *Cuadernos de estudios valdeorreses (vol. I-2)*.
- *Raigame* Especial Arqueoloxía.

d) Edición de obras obxecto de premios outorgados pola Deputación

- Obra gañadora do XX Premio Pura e Dora Vázquez 2024.

B) EDICIÓN DE OBRAS SELECCIONADAS MEDIANTE PROCEDIMENTOS DE CONCORRENCIA COMPETITIVA.

Neste apartado, prevese a edición das obras que seleccione a Presidencia da Deputación Provincial de Ourense, mediante procedemento de concorrência competitiva, ao longo do exercicio 2024.

Para estes efectos, e unha vez aprobado o presente Plan de Publicacións, a Xunta de Goberno, tralo informe previo do Consello Asesor de Publicacións, procederá á aprobación das bases reguladoras do procedemento de selección e á realización da correspondente convocatoria pública, conforme ás seguintes regras:

1ª) As bases e a convocatoria publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e na sede electrónica da Deputación Provincial. O prazo para a formulación de solicitudes será a partir do día seguinte ó da publicación da convocatoria respectiva no BOP ata o día 30 de agosto de 2024.

2ª) Establécense as seguintes liñas de publicacións para o ano 2024:

En canto á previsión de liñas de publicación concretas, neste exercicio a Deputación establece para o concurso dúas liñas ou apartados de edición:

a) Unha liña para a edición de ao menos unha publicación referida ao estudo dos bens culturais específicos da provincia de Ourense (A), co fin de que sexan estudados, se divulguen, e se poidan protexer, e transmitir o seu coñecemento ás xeracións futuras. Entendendo por bens culturais específicos os que caben dentro do título VII da Lei de Patrimonio Cultural de Galicia que inclúe: patrimonio artístico, arquitectónico, etnolóxico e arqueolóxico:

a1. Patrimonio artístico: o estudo das manifestacións pictóricas, escultóricas, cinematográficas, fotográficas, musicais e das restantes artes plásticas, de especial relevancia, de interese para Ourense.

a2. Patrimonio arquitectónico: coñecemento de inmobles e obras da arquitectura e a enxeñería histórica ourensáns ás que se lles recoñeza un papel relevante na construción do territorio e a súa caracterización cultural e que sexan testemuño dunha época histórica.

a3. Patrimonio etnolóxico: lugares, bens mobles ou inmobles, expresións, así como, crenzas, coñecementos, actividades e técnicas transmitidas por tradición, que se consideren relevantes o expresión significativa da identidade, a cultura e as formas de vida do pobo ourensán ao longo da historia.

a4. Patrimonio arqueolóxico: Patrimonio cultural de Ourense de interese histórico, mobles e inmobles, susceptibles de ser estudados con método arqueolóxico.

b) Unha liña xeral (B) na que poderán presentarse ao concurso as obras seguintes:

b1. Compilacións, escolmas ou antoloxías de artigos publicados en periódicos locais de Ourense ou nas edicións locais de periódicos de ámbito máis amplo, así como gravacións ou transcripcións escritas de programas radiofónicos locais.

b2. Obras que teñan por obxecto o estudo ou divulgación do patrimonio natural de Ourense.

b3. Estudos históricos, científicos, xurídicos ou literarios relacionados coa provincia de Ourense.

b4. Obras artísticas, videográficas, literarias ou musicais de autores ourensáns de temática libre.

3º) Non se admitirán ao concurso solicitudes de autores que teñan publicadas dúas obras nas 5 últimas edicións do concurso (2023, 2022, 2021, 2020 e 2019), e/ou 3 obras nas últimas dez (entre as edicións do 2015 e 2023), ao abeiro do concurso para selección de obras para a súa edición ou coedición pola Deputación Provincial correspondentes aos referidos exercicios.

Admitiranse ao concurso, en ámbalas dúas liñas, as teses doutorais, TFG e TFM, e demais traballos científicos (actas de congresos, xornadas, simposios ou similares), sempre e cando este tipo de traballos vaian dirixidos ao público xeral e non a un público altamente especializado.

4º) Os criterios de selección serán, exclusivamente, a calidade das obras presentadas e o seu interese para os fins de divulgación da realidade ourensá e de fomento da cultura, propios do Servizo de Publicacións. A valoración das obras deberá estar suficientemente motivada.

5º) As solicitudes deberá formularse polos autores das obras ou polos titulares dos dereitos de edición. Os solicitantes deberán achegar, coa súa solicitude, un exemplar da obra nas condicións e formato que indiquen as bases reguladoras, así como unha ficha coas características técnicas da edición solicitada, que en todo caso non terá carácter vinculante para a Deputación Provincial.

6º) Por razóns de economía de procedemento, a convocatoria no exercicio 2024 terá carácter único, distribuíndose a contía reservada no presente plan entre as distintas obras seleccionadas. Para estes efectos, a Presidencia establecerá discrecionalmente as características técnicas e a tirada das edicións seleccionadas, co fin de posibilita-la edición do máximo número de obras posibles. En todo caso, a realización da edición quedará condicionada á aceptación expresa das condicións de edición por parte dos autores. A Presidencia poderá establecer unha lista de obras en reserva para o suposto de que as obras seleccionadas non puidesen ser editadas por calquera causa sobrevida.

7ª) A resolución da Presidencia será adoptada previo o informe preceptivo do Consello Asesor de Publicacións.

3ª) Selección de obras en réxime de coedición.

A convocatoria do concurso para selección de obras para a súa edición pola Deputación terá por obxecto tamén a selección de obras en réxime de coedición. As obras en réxime de coedición que se presenten deberán corresponderse coas liñas de publicación definidas no apartado 3º do presente plan. Os solicitantes deberán asumir, como mínimo, o 20 % do custe da edición.

Os criterios de selección serán os seguintes:

- a) A calidade das obras presentadas e o seu interese para os fins de divulgación da realidade ourensá e de fomento da cultura propios do Servizo de Publicacións.
- b) A maior porcentaxe de participación ofrecida polo solicitante no custe total da edición. Serán de aplicación a esta convocatoria as regras establecidas para a convocatoria do concurso para a selección de obras para a súa edición pola Deputación. Non se reserva crédito orzamentario específico para a liña de coedicións, aplicándose o crédito global existente en función das peticións recibidas.

4ª) Orzamento do Plan:

A dotación orzamentaria do Plan Anual de Publicacións é de 90.000,00 euros, correspondentes co crédito orzamentario previsto no capítulo II do programa de gasto 33416 (edicións e publicacións) dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2024. A distribución aproximada dos fondos previstos no orzamento conforme ó Plan é a seguinte:

A) EDICIÓNS DE OBRAS NON SELECCIONADAS MEDIANTE CONCORRENCIA COMPETITIVA:

- a) Edición de obras que recollen a actividade propia dos servizos da Deputación Provincial:
-El origen de las diputaciones provinciales en el siglo XIX: dos siglos fomentando la prosperidad. Sen custo para a Deputación. Sen custo para a Deputación.

- *Árbores monumentais de España*. Con cargo a aplicación: 2024/ 16111/22602.
- *Raigame*, n.º 51. Importe aproximado: 2.288,00 (IVE incluído 4%).
- *Raigame*, n.º 52. Importe aproximado: 2.288,00 (IVE incluído 4%).
- *Xornal Raigame*. Con cargo á Imprenta provincial
- *A indumentaria tradicional galega. O traxe masculino*. Proposta pedagóxica. Importe aproximado: 3.394,41€ (IVE incluído, 21%).
- *Actas do VI Congreso de Patrimonio*. Importe aproximado: 3.588,00€ (IVE incluído, 4%).
- *Anuario da Gaita 2023*, nº 38. Importe aproximado: 5.387,20 € (IVE incluído 4%).

b) Reedición de obras anteriormente publicadas pola Deputación:

- *A indumentaria tradicional galega. O traxe feminino. Proposta pedagóxica*. Importe aproximado: 2.313,04 (IVE incluído, 21%).
- Fernando Ramos: *La huella en Ourense del Zamora 8*. Importe aproximado: 4.045,15 € (IVE incluído 4%).

c) Edicións de autores ourensáns de recoñecido prestixio, obras que teñan a consideración de clásicos da cultura galega, ou edicións de carácter conmemorativo, edicións facsimilares ou críticas:

- Coedición coa Fundación Jorge Jove dun libro sobre Eduardo Barreiros. Importe aproximado: 14.197,04 € (IVE incluído 4%).
- *Cuadernos de estudios valdeorreses (vol.1-2)*. Importe aproximado: 5.000 € (IVE incluído 4%).
- *Raigame Especial Arqueoloxía*. Importe aproximado: 436,80 €. (IVE incluído 4%).

d) Edición de obras obxecto de premios outorgados pola Deputación

- Obra gañadora do XX Premio Pura e Dora Vázquez 2024. Importe aproximado de 3.500,00 € (4% IVE incluído).

B) EDICIÓN DE OBRAS SELECCIONADAS MEDIANTE PROCEDIMENTOS DE CONCORRENCIA COMPETITIVA.

Asígnanse ademais para as liñas definidas no concurso un total de 43.562,36 € IVE incluído, concretándose a súa distribución segundo as indicacións que determine o Consello Asesor de Publicacións desta Deputación.

2ª.- Ordenar a publicación do Plan aprobado no BOP e no taboleiro de anuncios da Sede electrónica da Deputación Provincial de Ourense.

3ª.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO CONCURSO PARA A SELECCIÓN DE OBRAS PARA A SÚA EDICIÓN OU COEDICIÓN POLA

DEPUTACIÓN PROVINCIAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2024. De

conformidade coa proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as bases reguladoras do concurso para a selección de obras para a súa edición ou coedición pola Deputación Provincial de Ourense correspondente ao exercicio 2024, con suxeición as seguintes cláusulas:

BASES REGULADORAS DO CONCURSO PARA A SELECCIÓN DE OBRAS PARA A SÚA EDICIÓN OU COEDICIÓN POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2024

Primeira.- Obxecto.

1. Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do concurso público correspondente ao exercicio 2024 para a selección de obras para a súa edición, publicación e distribución pola Deputación Provincial de Ourense, en calquera das seguintes modalidades:

- a) Edición por conta exclusiva da Deputación Provincial.*
- b) Coedición entre a Deputación Provincial e entidades sen ánimo de lucro.*

2. A Deputación establece nestas bases de concurso dúas liñas ou apartados de edición:

2.1. Unha liña para a edición de ao menos unha publicación referida ao estudo dos bens culturais específicos da provincia de Ourense (A) , co fin de que sexan estudados, se divulguen, e se poidan protexer, e transmitir o seu coñecemento ás xeracións futuras. Entendendo por bens culturais específicos os que caben dentro do título VII da Lei de Patrimonio Cultural de Galicia que inclúe: patrimonio artístico, arquitectónico, etnolóxico e arqueolóxico:

2.1.1. Patrimonio artístico: o estudo das manifestacións pictóricas, escultóricas, cinematográficas, fotográficas, musicais e das restantes artes plásticas, de especial relevancia, de interese para Ourense.

2.1.2. Patrimonio arquitectónico: coñecemento de inmobles e obras da arquitectura e a enxeñaría histórica ourensáns ás que se lles recoñeza un papel relevante na construción do territorio e a súa caracterización cultural e que sexan testemuño dunha época histórica.

2.1.3. Patrimonio etnolóxico: lugares, bens mobles ou inmobles, expresións, así como, crenzas, coñecementos, actividades e técnicas transmitidas por tradición, que se consideren relevantes o expresión significativa da identidade, a cultura e as formas de vida do pobo ourensán ao longo da historia.

2.1.4. Patrimonio arqueolóxico: Patrimonio cultural de Ourense de interese histórico, mobles e inmobles, susceptibles de ser estudados con método arqueolóxico.

2.2. Unha liña xeral (B) na que poderán presentarse ao concurso as obras seguintes:

2.2.1. Compilacións, escolmas ou antoloxías de artigos publicados en periódicos locais de Ourense ou nas edicións locais de periódicos de ámbito máis amplo, así como gravacións ou transcripcións escritas de programas radiofónicos locais.

2.2.2. Obras que teñan por obxecto o estudo ou divulgación do patrimonio natural de Ourense.

2.2.3. Estudos históricos, científicos, xurídicos ou literarios relacionados coa provincia de Ourense.

2.2.4. Obras artísticas, videográficas, literarias ou musicais de autores ourensáns de temática libre.

*En todo caso, para seren admitidas a concurso, tanto para a modalidade **A** como a **B**, as obras deben cumprir os seguintes requisitos adicionais:*

a) Debe tratarse de obras concluídas na data de remate do prazo de presentación de solicitudes, polo tanto, dispoñibles para iniciar a preparación da súa edición no exercicio 2024.

b) As obras deben ser exclusivamente orixinais.

*3. **Non se admitirán ao concurso** solicitudes de autores que teñan publicadas dúas obras nas 5 últimas edicións do concurso (2023, 2022, 2021, 2020 e 2019), e/ou 3 obras nas últimas dez (entre as edicións do 2015 e 2023), ao abeiro do concurso para selección de obras para a súa edición ou coedición pola Deputación Provincial correspondentes aos referidos exercicios.*

*Admitiranse ao concurso, en ámbalas dúas liñas, **as teses doutorais, TFG e TFM**, e demais traballos científicos (actas de congresos, xornadas, simposios ou similares), sempre e cando este tipo de traballos vaian dirixidos ao público xeral e non a un público altamente especializado.*

*4. Para os efectos previstos no apartado 2.2.4. da presente base, **consideraranse autores ourensáns** ás persoas físicas nadas na provincia de Ourense ou residentes nela, neste último caso cunha residencia mínima ininterrompida de dous anos previos á data de solicitude de publicación da súa obra.*

Igualmente, terán a consideración de autores ourensáns as persoas xurídicas domiciliadas na provincia de Ourense que sexan titulares de dereitos de autor sobre obras colectivas conforme co disposto na lexislación de propiedade intelectual.

Segunda.- Condiciones de edición ou coedición das obras seleccionadas.

1. As obras seleccionadas a través do presente concurso serán editadas pola Deputación Provincial baixo as condicións que se establezan nos correspondentes contratos de edición, que serán obxecto de negociación cos autores seleccionados no marco previsto nas presentes bases, debendo recollerse nas cláusulas dos ditos contratos, necesariamente, as seguintes condicións xerais:

a) Lingua de edición: a edición realizarase na lingua elixida polo autor, entre as dúas linguas cooficiais (galego ou castelán).

Non obstante o anterior, no caso de obras editadas en lingua castelá, a Deputación poderá realizar ademais, en todo caso, unha edición en lingua galega, sempre que as disponibilidades orzamentarias o permitan.

No caso de obras editadas en lingua galega, a Deputación poderá realizar unha edición en lingua castelá ou noutras linguas, sempre que se xustifique o seu interese, en particular, para a difusión da realidade ourensá fóra de Galicia.

b) Os autores ceden á Deputación os dereitos para unha edición da obra, así como para a súa tradución a calquera lingua, e a realización da edición correspondente. A cesión non terá carácter exclusivo.

c) A retribución do autor consistirá exclusivamente na entrega dunha porcentaxe de o 10 % dos exemplares editados, para a súa difusión non venal. O resto de exemplares serán distribuídos pola Deputación Provincial de forma venal e non venal.

d) A edición terá carácter venal, correspondéndolle á Deputación a fixación do prezo de venda, no marco da Ordenanza de prezos públicos da Deputación Provincial de Ourense.

e) Os autores deberán responder da orixinalidade da obra e da dispoñibilidade dos seus dereitos de explotación (texto e imaxes), asumindo en todo caso a responsabilidade fronte á Deputación polo cumprimento do establecido na lexislación sobre propiedade intelectual.

f) Os autores deberán realizar a corrección dos textos (incluíndo a súa corrección lingüística, con normas da RAE e RAG de ser necesaria) no prazo que se lles indique o Negociado de Publicacións da Deputación e, se o Negociado de Publicacións o estima necesario, terán que levar a cabo unha corrección lingüística das súas obras por parte dun filólogo titulado.

g) As edicións poderán incorporar un breve texto de presentación suscrito polo presidente da Deputación.

h) A publicación dos apéndices documentais e fotográficos dos textos, será valorada polo Consello Asesor, así como a forma en que as obras serán editadas.

i) A edición axustarase ao deseño e características técnicas que estableza a Deputación Provincial, e a imaxe corporativa da mesma.

2. Nos supostos de coedición, esta será obxecto dun convenio entre a Deputación e o coeditor.

Será requisito imprescindible para a realización da coedición que o solicitante achegue unha porcentaxe mínima do 20% ó a aportación en traballo equivalente a esa porcentaxe do custo da edición, determinada conforme á súa proposta de edición contida na solicitude de coedición.

As condicións xerais de edición sinaladas no apartado 1 serán aplicables á relación contractual entre o autor e a Deputación de Ourense, con excepción da referida ao carácter venal ou non venal da edición, que se definirá no convenio, conforme co acordado entre a Deputación e o coeditor.

O autor e o coeditor poderán estipular libremente os pactos que consideren convenientes, con respecto á porcentaxe da coedición que corresponda ao coeditor. Estes pactos en ningún caso serán opondibles fronte á Deputación Provincial.

Nas obras coeditadas, figurarán sempre os logotipos da Deputación e do coeditor.

Terceira.- Disponibilidades orzamentarias.

O financiamento da edición das obras seleccionadas a través da presente convocatoria realizarase con cargo ao programa de gasto 33416 (edicións e publicacións) do capítulo II do Orzamento da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2024.

*A contía dispoñible para o financiamento da edición das obras seleccionadas nesta anualidade será como mínimo de **43.562,36 € IVE incluído**, sempre susceptible de aumentar no caso de que, ao coñecerse as obras que serán editadas sen concorrência competitiva haxa orzamento sobrante. O Consello Asesor definirá o importe a repartir entre a modalidade A e a B.*

Cuarta.- Solicitudes: lugar e prazo de presentación, requisitos e documentación.

1. As solicitudes presentaranse como data final o 30 de agosto do 2024, nos seguintes lugares:

- a) No rexistro electrónico da Deputación Provincial de Ourense, por medios telemáticos.*
- b) Na oficina de asistencia ao cidadán en materia de rexistros da Deputación de Ourense, podendo presentarse a solicitude en soporte papel.*
- c) En calquera outro dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.*

*2. As solicitudes deberán formularse polo autor o autores da obra ou pola persoa que sexa titular dos dereitos de edición. A solicitude formularase en nome propio ou por medio de representante, empregando obrigatoriamente o modelo normalizado que figura como **anexo I** (no que se inclúe unha declaración responsable de atoparse ao corrente nas obrigas tributarias e de Seguridade Social e non estar incurso en causa legal de prohibición de contratación coa Deputación de Ourense), así coma autorización para recibir a través de correo electrónico e/ou SMS a comunicación do aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na solicitude presentada e da publicación do acordo de resolución do concurso. Esta autorización non é obrigatoria, senón voluntaria, pero, en caso de non autorizarse, a Deputación non efectuará ningunha comunicación individual ao interesado relativa aos actos sinalados, facéndose pública a información correspondente exclusivamente a través do taboleiro de anuncios da sede electrónica e ademais no BOP no caso da resolución do procedemento.*

*Esta solicitude irá acompañada dun exemplar da obra cuxa edición ou coedición se solicita, adaptado ás normas de presentación do **anexo II**.*

*No suposto de solicitudes formuladas a través de representante, deberá presentar tamén cuberto o **anexo III**, e o poder co que este actúe. Para tal efecto, admitirase o poder outorgado ante notario ou, alternativamente, poder apud acta outorgado mediante comparecencia persoal ante o secretario xeral da Deputación ou mediante comparecencia electrónica na sede electrónica da Deputación.*

No suposto de solicitudes de obras correspondentes á liña recollida no apartado 2.2.4. da base 1ª, se presume que os autores autorizan á Deputación para consultar os seus datos de nacemento ou residencia mediante consulta a través das plataformas de intermediación de datos entre administracións públicas, agás no suposto de que na súa solicitude deneguen expresamente esta autorización, en cuxo caso deberán presentar copia do DNI no que conste o seu lugar de nacemento nun municipio de Ourense ou, no caso de residentes non nados na provincia, certificado de empadramento nun municipio de Ourense cunha antigüidade de, cando menos, dous anos dende a data de presentación da solicitude.

3. A presentación da solicitude e da documentación anexa realizarase conforme ás seguintes regras:

a) Regras para a presentación telemática:

-A presentación realizarase na sede electrónica da Deputación Provincial de Ourense, no seguinte enderezo electrónico: <https://sede.depourense.es>

-O interesado presentará os anexos estipulados nas bases da convocatoria, que estarán dispoñibles para a súa descarga na sede electrónica e nas oficinas da Deputación.

-Tamén un exemplar da obra cuxa edición ou coedición se solicita, que se presentará, achegando un arquivo de texto en formato PDF e, se a obra precisara ilustracións, estas deben presentarse noutro PDF diferente o do texto e poderán ir seguidas unhas doutras e numeradas con pes de páxina. No caso de que a obra sexa elixida para publicar, deberá entregarse un pen drive no Negociado de Publicacións coa obra completa, tal e como se especifica no anexo II que acompaña esta convocatoria.

No caso de obras audiovisuais, se presentarán mediante aplicacións de uso habitual.

A sinatura electrónica da solicitude e dos documentos anexos realizarase mediante o emprego dalgún dos seguintes sistemas de identificación electrónica:

-Os previstos nos apartados a) e b) do artigo 9.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

-Na sede electrónica recollerase a información necesaria para que os interesados que así o soliciten reciban asistencia da Deputación no uso dos medios electrónicos para a presentación da solicitude, incluíndo a posibilidade de que a súa identificación electrónica no procedemento se realice a través dun funcionario da Deputación, conforme ao previsto no artigo 12 da Lei de procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Regras para a presentación en soporte papel:

Os interesados presentarán as súas solicitudes empregando os modelos de instancia e anexos previstos na presente convocatoria, que estarán dispoñibles para a súa descarga na sede electrónica e nas oficinas da Deputación.

A documentación presentada será obxecto de dixitalización na oficina de asistencia ao cidadán en materia de rexistro, devolvéndose os orixinais en papel ao interesado.

A presentación das obras, cando se formule a instancia en soporte papel, realizarase nas seguintes condicións:

- No caso de obras escritas, presentarase a obra en soporte informático, nun pen drive.*
- No caso de obras audiovisuais, presentaranse en soporte dixital.*

4. No suposto en que unha mesma persoa presente en soporte papel varias solicitudes de edición correspondentes a obras diferentes, deberá cubrirse unha solicitude para cada unha das obras así como cada un dos orixinais que pretenda publicar. Non obstante, non será necesario achegar a documentación restante en todas as solicitudes, bastando con facelo nunha soa delas.

5. Sen prexuízo do establecido nos apartados anteriores, non será necesaria a presentación de solicitudes para aquelas obras que se presentaron na convocatoria correspondente ao plan de publicacións de 2023 e que quedaron seleccionadas na lista de reserva aprobada coa resolución do dito concurso (que teñen unha vixencia do ano correspondente ao da solicitude e o seguinte). As ditas solicitudes consideraranse validamente presentadas e serán incluídas de oficio no apartado que a sección de arquivo e publicacións estime en vista das características da obra, sen prexuízo de que durante o prazo de presentación de instancias os solicitantes poidan presentar modificacións no contido ou características de edición das obras presentadas no seu día, e de que na fase de instrución poidan ser requiridos para que completen a documentación presentada no sentido de axustala ao previsto nestas bases, de ser necesario. Igualmente, os autores poderán comunicar a desistencia da súa solicitude en calquera momento anterior á resolución.

A presentación da solicitude ao concurso do 2024 creditarase de oficio mediante certificación que expedirá a secretaría Xeral da deputación e se unirá a este expediente.

Quinta.- Procedemento de selección.

1. A sección de Arquivo e Publicacións decidirá en que apartado valora cada unha das obras presentadas, ☐ dentro da modalidade A ou na B ☐, e o procedemento de selección será o de concorrencia competitiva, conforme ao establecido nas presentes bases, sempre coa conformidade do Consello Asesor de Publicacións.

2. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Sección de Arquivo e Publicacións da Deputación Provincial procederá á instrución do expediente, consistente na comprobación da corrección da documentación achegada.

Unha vez examinada a documentación, a Presidencia concederá un prazo de ata dez días hábiles para a emenda de deficiencias materiais na documentación presentada.

Ao abeiro do disposto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o requirimento para emendar as ditas deficiencias materiais realizarase exclusivamente a través da súa publicación na sede electrónica da Deputación Provincial de Ourense (<https://sede.depourense.es>)

No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 4ª, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, notificándose unicamente e en todo caso mediante a publicación na sede.

3. Transcorrido o prazo de emenda de deficiencias, e instruído o expediente pola Sección, esta emitirá informe con proposta de non admisión das solicitudes que non cumpran os requisitos establecidos nas presentes bases, e de admisión do resto, así como a modalidade para a que se admite a obra.

4. O informe da Sección e as obras presentadas someteranse á consideración do Consello Asesor de Publicacións, que efectuará a valoración e formulará unha proposta motivada de resolución do concurso, co seguinte contido:

a) Valoración das obras presentadas, conforme cos seguintes criterios:

a.1) Calidade das obras

a.2) Interese das obras para os fins de divulgación da realidade ourensá e de fomento da cultura propios do servizo provincial de publicacións.

No caso de solicitudes de coedición, valorarase isto último e tamén a porcentaxe de financiamento ofertada polo solicitante.

O Consello Asesor poderá excluír da valoración, de xeito motivado, aquelas obras que non reúnan uns requisitos mínimos de calidade ou interese.

b) Determinación das obras seleccionadas, coas características técnicas e orzamento estimado das edicións propostas, en función da valoración efectuada, así como das condicións básicas de coedición, se é o caso.

c) Establecemento de dúas listas ordenadas de obras en reserva para cada unha das dúas modalidades. Inclúiranse nestas listas aquelas obras que, cumprindo os mínimos esixibles de calidade, non obteñan a valoración suficiente para seren seleccionadas dentro das disponibilidades da presente convocatoria. Estas obras serán susceptibles de edición en caso de que, por causas sobrevidas, non sexa posible a iniciación das actuacións de edición dalgunha das obras seleccionadas durante o exercicio 2024, en cuxo caso serán substituídas polas obras incluídas na lista de reserva, pola orde de prelación establecida na resolución do concurso.

Para este efecto, entenderase que non é posible a iniciación das actuacións de edición cando resulte que non se poida realizar a disposición ou compromiso do gasto correspondente dentro do exercicio orzamentario.

As obras seleccionadas que non puidesen editarse no exercicio 2024 por causa non imputable ao autor, pasarán a integrarse no plan de publicacións do exercicio seguinte.

Se algunha das dúas modalidades quedase sen lista de reserva, o importe reservado pasará á outra modalidade.

5. Formulada a proposta do Consello Asesor, a Presidencia procederá a ditar resolución, que será obxecto de publicación na sede electrónica da Deputación Provincial e no Boletín Oficial da Provincia. A proposta do Consello non vinculará á Presidencia, que poderá apartarse desta, de xeito motivado, previos os informes ou asesoramentos que considere oportunos.

6. O prazo máximo de resolución do procedemento será de tres meses, contados desde a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. O dito prazo será prorrogable por resolución da Presidencia, conforme ao previsto na lexislación do procedemento administrativo común. A falta de resolución en prazo terá o efecto dun acto presunto de contido desestimatorio.

Sexta. Actuacións para a realización da edición ou coedición.

1. Os autores e coeditores seleccionados deberán comunicar a súa aceptación expresa das condicións de edición ou coedición establecidas na resolución no prazo de dez días hábiles dende a publicación do acordo de concesión no Boletín Oficial da Provincia. En caso de que non comuniquen de xeito expreso a súa aceptación no dito prazo, entenderase que renuncian á edición, quedando habilitada a Presidencia para acordar a edición de obras incluídas na lista de reserva, conforme co sinalado na base 5ª.4.c), acordo que se recollerá en resolución que será obxecto de publicación nos mesmos termos que a resolución do concurso.

2. Recibida a aceptación, a Sección de Arquivo e Publicacións procederá á elaboración, negociación e tramitación dos contratos de edición cos autores e dos convenios de coedición coas entidades coeditoras.

Unha vez subscritos os correspondentes contratos e convenios, a Deputación procederá á contratación dos servizos de maquetado, revisión, tradución, impresión e edición necesarios, conforme cos orzamentos estimados que figuren na resolución de selección das obras. Igualmente, corresponderalle á Deputación a tramitación do depósito legal e ISBN da publicación. No caso das coedicións, o coeditor deberá tramitar o seu ISBN para poder comercializar a obra.

3. As actuacións dirixidas á edición deberán iniciarse en 2024, debéndose desenvolver cando menos ata a fase de disposición ou compromiso do gasto. As actuacións que non poidan realizarse na anualidade por causa non imputable ao autor ou coeditor incluíranse, no Plan de publicacións do exercicio seguinte.

4. No suposto de que o custo liquidado da edición das obras seleccionadas en réxime de coedición resulte diferente ao inicialmente previsto na resolución de selección, aplicaranse as seguintes regras:

a) No caso de redución do custo, este repartirase entre a Deputación e o coeditor en función da porcentaxe establecida na resolución do concurso e no convenio de coedición, determinado pola oferta realizada polo co - editor na súa solicitude.

b) No caso de incremento dos custos, se este se debese a causa de forza maior, será asumido pola Deputación e o coeditor en función da porcentaxe establecida no convenio, sen prexuízo do dereito do coeditor a renunciar á coedición en caso de que o sobre custe sexa coñecido con antelación.

Nos casos en que o sobre custe sexa debido a unha causa imputable a unha das partes, será asumido pola parte causante.

Sétima.- Normativa supletoria.

En todo o non disposto nestas bases será de aplicación o disposto no Plan anual de publicacións da Deputación para o exercicio 2024, así como as seguintes normas:

a) Con carácter xeral, as normas establecidas na vixente Ordenanza reguladora do Servizo de publicacións da Deputación.

b) A normativa vixente en materia de réxime xurídico do sector público e procedemento administrativo común, nos aspectos referidos ás actuacións correspondentes á Deputación para a xestión dos procedementos necesarios para a selección e edición das obras.

c) As normas reguladoras da propiedade intelectual e as aplicables á contratación da edición de obras artísticas, científicas, musicais ou literarias no sector público, no relativo ás relacións entre a Deputación Provincial e os autores e coeditores.

2º.- Ordenar a publicación destas bases no BOP e no taboleiro de anuncios da sede electrónica da Deputación Provincial de Ourense.

4º.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS 2024.

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as bases reguladoras da convocatoria do concurso público para a concesión de subvencións a entidades deportivas e entidades sen ánimo de lucro para a organización de eventos deportivos 2024, consonte coas seguintes cláusulas:

Primeira.- Obxecto

1. O obxecto desta convocatoria é a regulación do procedemento para a concesión, pola Deputación Provincial de Ourense, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións a entidades deportivas e entidades sen ánimo de lucro para a organización de eventos deportivos realizados ou para realizar durante o exercicio de 2024, coa finalidade de contribuír ao mantemento dunha actividade deportiva ampla, orientada ao público en xeral e baseada principalmente nos conceptos de deporte – saúde e deporte para todos.

2. De conformidade co establecido no artigo 8.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, no seu parágrafo segundo, a presente convocatoria intégrase no Plan estratéxico de subvencións da Deputación Provincial de Ourense e do Inorde para o período 2024-2027, contribuíndo ao fomento do deporte.

3. Para os efectos desta convocatoria, considéranse eventos deportivos os que reúnan os seguintes requisitos:

Actividades físico-deportivas de carácter específico e puntual, que impliquen a práctica de disciplinas deportivas recoñecidas polas federacións deportivas, ou actividades físicas semellantes, ben sexa con carácter competitivo ou con carácter non competitivo, tales como campionatos e torneos, carreiras, andainas ou rutas de sendeirismo e marchas ou rutas cicloturistas, que se desenvolvan maioritariamente na provincia de Ourense.

4. Quedan excluídas expresamente desta convocatoria, as seguintes actividades:

a) Aquelas competicións, ligas, actividades ou programacións que puideran ter encaixe dentro de calquera outro programa de subvencións da Deputación Provincial de Ourense. (Copas Deputación, bolsas para deportistas ou subvencións para os gastos de mantementos de clubs, etcétera)

b) Aquelas actividades que polo seu carácter predominantemente gastronómico, turístico ou cultural, non poden clasificarse como actividades físico-deportivas, conforme coa definición recollida no apartado 2 destas bases.

c) Aquelas actividades que polas súas especiais características comporten a realización de actividades físicas que, pola súa intensidade, extensión temporal, sometemento a risco grave de accidente ou calquera outra característica, excedan dunha práctica deportiva normal e saudable. Aglutínanse dentro desta categoría eventos que comportan deportes catalogados como “extremos”, exhibicións de forzudos tipo “strongmen”, probas de atletismo de forza ou probas de resistencia de longa duración como carreiras de tipo ultratrail, triatlóns de categoría “ironman”, probas cicloturistas de distancia excesiva ou competicións denominadas popularmente como “maratón”, que se desenvolven sen procurarllles aos participantes os lóxicos descansos reparadores e saudables.

d) Aquelas actividades que excedan da duración propia dun evento deportivo puntual, tales como campus deportivos, campamentos de verán, ligas, ou outros que poidan ter a consideración de programas deportivos.

e) Actividades de carácter formativo ou divulgativo.

f) Aqueles eventos que teñan por obxectivo no seu desenvolvemento procurar o sufrimento e/ou morte de animais.

Segunda.- Beneficiarios

Poderán ser beneficiarios deste programa:

Entidades deportivas e outras entidades sen ánimo de lucro con enderezo social na provincia de Ourense, que contemplen nos seus estatutos, como obxecto social, entre outros, a promoción e difusión do deporte na nosa provincia.

No caso de eventos propostos por estruturas federativas, a solicitude poderá proceder da federación galega da modalidade respectiva.

Terceira.- Disponibilidades orzamentarias

O financiamento das subvencións reguladas nesta convocatoria realizarase con cargo á aplicación 34111/48206 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2024.

A contía total máxima estimada é de setenta mil euros (70.000,00 €).

Cuarta.- Contía máxima das subvencións

A contía das subvencións obxecto desta convocatoria consistirá nunha porcentaxe do orzamento da actividade, podendo acadar, como máximo, o 30% do custo estimado da actividade, non podendo superar, en ningún caso, a contía máxima de once mil euros por beneficiario (11.000,00 €).

En consecuencia, ningún beneficiario poderá obter, ao abeiro desta convocatoria, subvencións por importe superior a 11.000,00 € para o conxunto dos distintos proxectos que presente ao longo do período subvencionable. Para a aplicación desta regra, nos supostos en que unha entidade presentase diferentes proxectos cuxa valoración conforme co establecido na base décima determinase a obtención dunha contía superior ao límite máximo de 11.000,00 €, a Deputación concederá as subvencións na contía que proceda de conformidade coa dita valoración, seguindo estritamente a orde de puntuación dos distintos proxectos e ata acadar o límite dos 11.000,00 €, quedando denegada a subvención para os proxectos aos que correspondería a contía excedentaria do dito límite. No suposto en que a valoración asignada a un proxecto exceda só parcialmente ese límite, a contía da subvención axustarase ata ese límite máximo.

Quinta.- Solicitudes: lugar e forma de presentación, prazo e documentación:

Quinta 1. Lugar e forma de presentación:

As solicitudes, subscritas polo interesado ou polo seu representante, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial de Ourense, mediante a súa presentación no Rexistro Xeral desta entidade de forma telemática, a través do rexistro xeral da sede electrónica da Deputación <http://www.sede.depourense.es/>

Quinta 2. Prazo de presentación:

1. O prazo improrrogable de presentación iniciárase a partir da publicación da convocatoria regulada nestas bases na Base de Datos Nacional de Subvencións, e rematará o **31 de xullo de 2024**, sendo este o derradeiro día no que poderán

presentarse validamente as solicitudes.

2. Os solicitantes soamente poderán presentar, **como máximo, dúas solicitudes** ao abeiro desta convocatoria, debendo presentar unha solicitude para cada un dos proxectos para os que se pide subvención. Non se admitirá a presentación de máis de dous proxectos, non admitíndose a trámite todas as solicitudes que infrinxan o establecido nesta base.

Quinta. 3. Documentación que debe presentarse:

As solicitudes deberán formularse achegando dous tipos de documentación: en primeiro lugar, documentación administrativa, para a acreditación do cumprimento dos requisitos para a participación na convocatoria; en segundo lugar, documentación valorable, para a valoración dos méritos do solicitante.

O detalle da documentación administrativa e valorable que debe presentarse é o seguinte:

a) Documentación administrativa para presentar:

a.1) Solicitude dirixida á Presidencia da Deputación no modelo oficial, recollido no **anexo I** destas bases.

a.2) Estatutos sociais da entidade.

a.3) Poder co que actúe o representante da entidade, agás que a dita función lle corresponda conforme cos estatutos sociais, en razón do seu cargo na entidade, en cuxo caso a validez da representación se probará mediante documento acreditativo do seu nomeamento ou elección.

Os solicitantes estarán eximidos de presentar os estatutos sociais da entidade (apartado a.2) e o poder co que actúe o representante da entidade (apartado a.3) cando estes documentos xa obrasen en poder da Deputación, agás no caso en que se producisen modificacións no contido dos ditos documentos ou nas circunstancias de feito ou de dereito que se reflicten neles, suposto no que se deberá presentar o novo documento que substitúa ao anterior.

a.4) Declaración responsable comprensiva do feito de non atoparse incurso o solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de acharse a entidade ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social. Para a formulación desta declaración poderá utilizarse o modelo recollido no **anexo II** destas bases.

a.5) Declaración do solicitante da subvención na que figure o conxunto de subvencións e axudas solicitadas para os mesmos fins, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes, sexan públicas ou privadas, segundo o modelo **anexo III**.

a.6) Autorización para recibir a través de correo electrónico e/ou sms a comunicación de aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada, da publicación do anuncio de inicio do trámite de audiencia da proposta provisional de resolución, da publicación do acordo de resolución do concurso, e do aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias na documentación presentada para a xustificación da subvención concedida, segundo o modelo **anexo IV**.

a.7) Para os efectos de difusión do evento na páxina web de deportes desta Deputación Provincial, os solicitantes deberán cubrir os datos relativos ao dito evento, no seguinte enlace: <http://deportes.depourense.es/acheganos-o-teu-evento/>, coa antelación suficiente á celebración

do evento no caso de que aínda non se celebrara, para os efectos de que a Deputación Provincial sexa coñecedora da súa realización para os efectos oportunos.

Nos supostos de que o evento xa se celebrara no momento de presentación da correspondente solicitude, deberanse cubrir os datos igualmente na antedita páxina web.

A presentación do documento sinalado no apartado a.6) non é obrigatoria, senón voluntaria, pero, en caso de non presentarse, a Deputación non lle efectuará ningunha comunicación individual ao interesado relativa á emenda de deficiencias na solicitude, ao trámite de audiencia, ao acordo de resolución do concurso, e á emenda de deficiencias na xustificación, publicitándose a información correspondente exclusivamente a través da sede electrónica, páxina web da Deputación e ademais no BOP no caso da resolución do procedemento, conforme co sinalado nas bases 8ª e 11ª, respectivamente.

a.8) De conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario que os solicitantes acheguen o DNI do representante, o NIF da entidade e o certificado de inscrición no rexistro oficial correspondente ao tipo de entidade de que se trate, dado que a Deputación comprobará de oficio esta información a través das plataformas de intermediación de datos das administracións públicas.

Non obstante, no caso de que o solicitante se opoña expresamente á realización desta consulta pola Deputación, deberá achegar a dita documentación coa solicitude. A oposición a esta consulta poderá formularse mediante un escrito que se unirá á solicitude.

En caso de que por razóns técnicas non sexa posible realizar a consulta de documentación por parte da Deputación de Ourense, poderá requirirse ao solicitante para que achegue os documentos precisos, o que se lle notificará oportunamente, concedéndolle un prazo de dez días hábiles para a súa presentación.

b) Documentación para a valoración das solicitudes:

1.- Proxecto explicativo da actividade que se pretende, comprensiva, cando menos, da seguinte información, conforme ao modelo recollido no **anexo V**.

a) Denominación do evento con indicación de modalidade deportiva, lugar e datas de celebración.

b) Descrición e obxectivos que se pretenden coa organización da actividade.

c) Categoría, antigüidade e duración.

d) Volume de participación e incidencia da participación de mulleres, discapacitados e base deportiva.

2.- Orzamento de gastos e ingresos da actividade desagregado por conceptos. (**Anexo VI**). Dada a natureza competitiva do procedemento de concesión de subvencións, a documentación valorable non será obxecto do trámite de emenda de deficiencias, que só será de aplicación á documentación administrativa.

3.- Se é o caso, unha memoria do desenvolvemento en exercicios anteriores da mesma actividade para a que se solicita subvención, achegando recortes de prensa, fotos, información na web, datos sobre o desenvolvemento da actividade, participantes e calquera información

que sirva para constatar a evolución e incidencia social do proxecto ou actividade, así como a adopción destas medidas de publicidade durante o tempo de celebración do evento.

Advírtese expresamente que non serán obxecto de valoración, denegándoseles a concesión da subvención a aquelas solicitudes nas que non se achegue, cando menos, o proxecto descritivo da actividade co contido definido nos apartados a), b), c) e d) e o orzamento do punto 2. Procederase de igual xeito nos supostos en que os documentos presentados se atopen incompletos, padezan de defectos esenciais que impidan ou dificulten gravemente a súa valoración ou conteñan datos ou previsións de difícil ou imposible realización.

4. Cada petionario de axuda deberá presentar unha solicitude no modelo anexo I, ata un máximo de dúas, para cada proxecto diferenciado de eventos deportivos para o que se solicite subvención, acompañada do correspondente proxecto descritivo conforme co establecido no apartado anterior.

Cando se trate de solicitudes presentadas na mesma data, no que se refire á documentación administrativa distinta da solicitude no modelo anexo I, terá carácter común para todos eles, bastando con que se presente nunha das solicitudes.

Cando se trate de distintas solicitudes presentadas ao longo do período subvencionable, deberase presentar de novo a documentación administrativa coa salvidade do disposto na base quinta.

Quinta 4: Regras sobre emenda de deficiencias na documentación presentada:

Dada a natureza competitiva do procedemento de concesión de subvencións, a documentación valorable non será obxecto do trámite de emenda de deficiencias, que só lle será de aplicación á documentación administrativa.

Sexta.- Réxime de protección dos datos achegados coa solicitude.

1. O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto nos apartados c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, en adiante RGPD, así como no artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, de protección dos datos persoais e garantías dos dereitos dixitais, en adiante LOPDGDD, ao ser a achega dos datos e información esixida nestas bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases. En consecuencia, a negativa a facilitar estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión do interesado do procedemento.

2. En cumprimento do establecido no artigo 13 do RGPD, Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmase aos interesados do seguinte:

a) O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é o seu presidente, con domicilio, para os efectos de notificacións, na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317600/1 e correo electrónico: gabinete.presidencia@depourense.es

b) O delegado de protección de datos da Deputación Provincial pode contactarse polos seguintes medios: domicilio, para os efectos de notificacións, na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317600 e correo electrónico: dpd@depourense.es

c) Os datos subministrados coa solicitude se destinan unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que o solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiario, e para a valoración da súa solicitude. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación, ademais de no Boletín Oficial da Provincia, na Base de Datos Nacional de Subvencións e no portal de transparencia da Deputación Provincial de Ourense. Publicaranse igualmente na sede electrónica e na páxina web provincial www.depourense.es as actas da comisión de valoración, o trámite de audiencia e a resolución do concurso, nas que se reflectirán as puntuacións obtidas polos solicitantes. Estas publicacións manteranse durante o prazo necesario para o cumprimento da súa finalidade, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de oficio pola Deputación Provincial ou ben a solicitude dos interesados, dirixida ao responsable do tratamento, sen prexuízo do seu mantemento nos expedientes administrativos electrónicos correspondentes.

En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación obrante no expediente atoparase a disposición doutros interesados no procedemento para os solos efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan facer públicos.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración Pública concedente (artigo 6.1.c) do RGPD, e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público (fomento da cultura) perseguida con esta convocatoria (artigo 6.1.e) do RGPD.

e) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados exclusivamente polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva. Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais, cando así o reclamen, para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación.
- Aos membros da corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor del Pueblo, Tribunal de Cuentas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.

- Ás persoas que o soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, previo expediente contradictorio con audiencia do interesado titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

f) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme ao disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) Os interesados poderán solicitar en todo momento da Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso.

Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nestas bases.

Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos no artigo 21 do RGPD.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante un escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial, ben na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense; ou no correo electrónico: gabinete.presidencia@depourense.es, así como no correo do DPD: dpd@depourense.es

De conformidade co disposto no artigo 20.3 do RGPD, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.

i) En todo caso, os interesados poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

k) A falla de subministración á Deputación Provincial dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos beneficiarios, dará lugar á exclusión dos interesados do procedemento.

l) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

Sétima.- Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que, atopándose incluídos nos conceptos recollidos no artigo 31 da Lei xeral de subvencións, forman parte do desenvolvemento dun evento deportivo como gastos inherentes e necesarios para a súa realización, tales como dereitos de arbitaxes, desprazamentos, material deportivo, alugamento de instalacións, trofeos, medallas, gastos de manutención de deportistas ou persoal da organización, publicidade e difusión, servizos de seguridade e orde, atención sanitaria, seguros, e calquera outro que sexa preciso para levar a cabo a actividade.

Expresamente, non terán tal consideración os gastos para almozos que non correspondan á manutención de deportistas ou persoal de organización, honorarios profesionais, ou todos aqueles que, pola súa natureza, resulten desproporcionados cos obxectivos que se pretenden con este tipo de subvencións.

Oitava.- Procedemento de concesión:

1. O procedemento de concesión será o de concorrencia competitiva.
2. As solicitudes remitiránse ao Negociado de Concursos da Sección de Subvencións, para a instrución do expediente e comprobación da corrección da documentación administrativa achegada.

Unha vez examinada a documentación, a Presidencia concederá un prazo de ata dez días hábiles para a emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada. Para achegar esta documentación, poderá utilizarse como oficio de remisión o modelo recollido no **anexo VII** destas bases.

Dado o carácter competitivo do procedemento, advértese expresamente que en ningún caso se concederá prazo para a mellora da documentación valorable.

Ao abeiro do disposto no artigo 45.1 b) da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, o requirimento para emendar as ditas deficiencias materiais realizarase exclusivamente a través da súa publicación no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica da Deputación Provincial (<http://sede.depourense.es>) e na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións a entidades deportivas e entidades sen ánimo de lucro para a organización de eventos deportivos para realizar durante o exercicio de 2024. No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, publicándose unicamente na antedita páxina web.

3. Concluído o trámite de emenda de deficiencias e instruído o expediente pola Sección de Subvencións, esta emitirá un informe co contido previsto no artigo 7.4 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense e remitiralle o actuado á Comisión de Valoración, que procederá a formular a proposta provisional de resolución conforme coas regras seguintes:

- a) Con respecto ás entidades que non achegasen de modo completo e no prazo establecido a documentación administrativa, formularase proposta de non admisión a trámite das súas solicitudes.
- b) Con respecto ao resto de entidades, proporase a súa admisión a trámite, procedendo a formular proposta de valoración das solicitudes conforme cos criterios recollidos na base décima.

4. A proposta provisional de resolución será sometida a trámite de audiencia aos interesados por prazo de dez días hábiles mediante un anuncio no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica da Deputación Provincial (<http://sede.depourense.es>) e na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións a entidades deportivas e entidades sen ánimo de lucro para a organización de eventos deportivos para realizar durante o exercicio de 2024. No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, publicándose unicamente na antedita páxina web.

Durante o dito prazo, os interesados poderán formular as alegacións que estimen oportunas fronte á proposta provisional. As ditas alegacións serán resoltas expresamente pola Comisión de Valoración a través da proposta definitiva. No caso de non formularse alegacións, a proposta provisional considerarase definitiva, continuándose coa tramitación conforme co disposto na base 11ª.

Novena.- Comisión de Valoración:

A Comisión de Valoración estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente: vicepresidente segundo e deputado da Área de Cultura, Educación e Deporte.
- Vogais:
- O secretario xeral da Deputación ou funcionario que legalmente o substitúa.
- A interventora da Deputación ou funcionario que legalmente a substitúa.
- O xefe do Servizo de Deportes, ou funcionario que legalmente o substitúa.
- A xefa do Negociado de Concursos, ou funcionario que legalmente a substitúa.
- Un técnico deportivo de recoñecida e contrastada competencia, designado pola Presidencia.

Actuará como secretaria da comisión a xefa da Sección de Subvencións, coas funcións propias dunha secretaria de actas.

Sé é o caso, a Presidencia poderá nomear técnicos e expertos de recoñecida competencia en materia deportiva, que actuarán como asesores da comisión.

Os membros da comisión estarán suxeitos ás cláusulas de abstención e recusación previstas no artigo 23 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décima.- Criterios de valoración para a concesión de subvencións:

Para a concesión das subvencións, así como para a fixación da súa contía, a Comisión de Valoración terá en conta os seguintes criterios:

- 1) Orzamento da actividade. Valorarase tanto o importe do orzamento da actividade como o esforzo económico que se reflicte no orzamento presentado, entendéndose como tal a maior porcentaxe de autofinanciamento ou financiamento con recursos privados. (Ata 50 puntos).
 - Maior orzamento: 30 puntos, resto proporcionalmente.
 - Maior esforzo económico: 20 puntos, resto proporcionalmente.
- 2) Categoría competitiva do evento. Dando maior puntuación canto máis importante sexa a actividade (Ata 40 puntos).
- 3) Antigüidade: Dándolles maior puntuación ás actividades solicitadas con máis forte tradición no panorama deportivo ourensán (Ata 10 puntos).
- 4) Duración: Dando maior puntuación cantas máis xornadas teña a actividade (Ata 10 puntos).
- 5) Volume de participación: Neste apartado valorarase o número de participantes nas actividades, primando o maior volume de participación, ponderado en función do tipo de actividade de que se trate, segundo sexa. (Ata 20 puntos):
 - Deporte de carácter federativo (fases ascenso, torneos, partidos, e calquera competición de modalidades recoñecidas oficialmente).

- Deporte espectáculo (público potencial nas propostas que se refiren exclusivamente a “deporte espectáculo”: “rallyes”, “campionatos e torneos de exhibición”, “carreiras profesionais ciclismo”, e competicións nas que a presenza de público é significativa e determinante”.
- Actividades deportivas de carácter popular. (Andainas, carreiras, eventos populares, etcétera).

Con respecto a este criterio, advírtese que a Comisión de Valoración non estará vinculada pola previsión de participación indicada polos solicitantes, podendo realizar as actuacións de verificación que considere oportunas, entre elas a comparación co volume de participación en edicións anteriores, de ser o caso.

6) Muller, discapacitados e deporte base: A maior participación destes colectivos na actividade (Ata 10 puntos).

A Comisión de Valoración, en atención ao número de proxectos solicitados, poderá establecer a necesidade de obter unha puntuación mínima para a concesión de subvencións. Se é o caso, os proxectos que obteñan unha puntuación inferior á mínima establecida pola comisión incluíranse na lista de reserva prevista na base 11ª.

Con independencia da súa valoración, en ningún caso se lle concederá a un proxecto unha subvención superior á da contía pedida na solicitude.

En todo caso, a valoración terá carácter individualizado para cada proxecto que se presente, aplicándose as regras establecidas na base 4ª para a asignación da contía das subvencións.

Décimo primeira.- Resolución:

A proposta da Comisión de Valoración elevaráselle á Xunta de Goberno da Deputación, para a súa resolución. O prazo máximo de resolución será de tres meses desde o remate do prazo de corrección de deficiencias documentais, de ser o caso, ou desde o remate do prazo de presentación de instancias. A falla de resolución expresa no dito prazo terá o efecto dun acto presunto desestimatorio.

A resolución axustarase á proposta da Comisión de Valoración, agás naqueles supostos en que a Xunta de Goberno considere que a dita proposta incorre en infracción do disposto nestas bases ou na lexislación aplicable, en cuxo caso solicitaralle á comisión, tras os informes previos que considere oportunos, a formulación dunha nova proposta axustada ás bases e á normativa de aplicación. A comisión deberá formular esta nova proposta no prazo de quince días. En caso de non facelo así, a Xunta de Goberno resolverá conforme á proposta inicial, introducindo as modificacións precisas para garantir o cumprimento do establecido nas bases e na lexislación vixente.

Os beneficiarios poderán rexeitar a subvención concedida no prazo de quince días desde a publicación do acordo de concesión no Boletín Oficial da Provincia. En caso de que non comuniquen de xeito expreso o seu rexeitamento, entenderase que aceptan a subvención na contía concedida. O incumprimento da obriga de comunicar a renuncia á subvención, se é o caso, poderá ser considerado infracción administrativa, conforme co disposto no artigo 56 da Lei xeral de subvencións, dando lugar á incoación do correspondente procedemento sancionador.

No suposto de que existisen solicitantes que, cumprindo cos requisitos establecidos nestas bases, non puidesen obter subvención debido ao esgotamento do crédito dispoñible coa concesión das subvencións ás solicitudes que obtivesen maior puntuación, a resolución conterá unha relación ordenada destas solicitudes, para os efectos previstos no artigo 63.3 do Regulamento da Lei xeral de subvencións. Na súa virtude, e en caso de producirse remanentes pola renuncia ou perda do dereito ás subvencións por parte dalgún beneficiario, a Xunta de Goberno, sen necesidade de proceder a unha nova convocatoria, poderá acordar a concesión da subvención que proceda ao seguinte ou seguintes solicitantes, por orde de puntuación.

Décimo segunda.- Publicación do acordo de concesión:

Ao abeiro do disposto no artigo 45.1 b) da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, o acordo de concesión publicárase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica da Deputación Provincial (<http://sede.depourense.es>) e na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións a entidades deportivas e entidades sen ánimo de lucro para a organización de eventos deportivos para realizar durante o exercicio de 2024, así como na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Sen prexuízo do anterior, aos solicitantes que presenten a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª, realizaráselles unha comunicación persoal por sms ou correo electrónico, advertindo da publicación da resolución na sede electrónica. No caso de que non presenten a dita autorización, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal.

Décimo terceira.- Publicidade da subvención por parte do beneficiario:

O beneficiario da subvención deberá adoptar medidas de difusión da subvención concedida, para darlle unha axeitada publicidade ao carácter público do financiamento da súa actividade, debendo realizar como mínimo as seguintes medidas de difusión:

- Inclusión da imaxe institucional da Deputación Provincial de Ourense ou dunha lenda alusiva ao feito de que a actividade está subvencionada pola Deputación, nos carteis e materiais impresos da súa actividade e, de ser o caso, na páxina web da entidade e na páxina web de deportes indicada na base quinta.

En caso de incumprimento desta obriga, a Deputación poderá ordenar a adopción das medidas alternativas previstas no artigo 31 do Regulamento da Lei xeral de subvencións. No caso de que se incumpran tamén estas medidas, o incumprimento da obriga poderá ser causa de perda do dereito á subvención ou de reintegro ata un importe do 20% da subvención concedida, importe que se determinará en función da gravidade do incumprimento.

Non obstante, non se esixirá o cumprimento desta obriga no suposto de actividades totalmente realizadas con anterioridade á resolución desta convocatoria.

Décimo cuarta.- Xustificación e pago da subvención:

1. A subvención xustificárase mediante a presentación dunha conta xustificativa, integrada polos seguintes documentos:

A) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. Para a realización desta memoria, poderase utilizar o modelo recollido no **anexo VIII**.

B) Relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión, identificación do documento de acreditación do pago e data do pago. Para a realización desta relación, poderá utilizarse o modelo recollido no **anexo IX** destas bases.

C) Relación detallada dos ingresos obtidos para a actividade, con indicación do seu importe e a súa procedencia. Para a realización desta relación, poderá utilizarse o modelo recollido no **anexo X** destas bases.

De ser o caso, nas relacións sinaladas nos apartados B) e C) indícaranse as desviacións acaecidas verbo do orzamento presentado coa solicitude, tanto no relativo aos ingresos como aos gastos.

D) Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social:

- Naqueles supostos nos que os beneficiarios obteñan unha subvención igual ou inferior a 3.000,00 euros, deberán achegar unha declaración responsable comprensiva do feito de non incorrer o solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de estar ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social. Para a formulación desta declaración poderá utilizarse o modelo recollido no **anexo XI** destas bases.
- Naqueles supostos nos que os beneficiarios obteñan unha subvención superior a 3.000,00 euros, deberán achegar certificados actualizados emitidos polos órganos correspondentes, de estar ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social.

E) Facturas xustificativas dos gastos, ata un importe equivalente ao da subvención concedida e a correspondente acreditación do pago de ditas facturas, identificación do documento de acreditación do pago e data do pago.

Nos supostos de premios en metálico, estes deberanse xustificar mediante cheque nominativo ou transferencia bancaria, podendo solicitarse no caso do talón, a acreditación bancaria do seu cargo.

Non obstante, a presentación de facturas poderá substituírse pola dos documentos que se indican nos seguintes casos:

- Nos supostos en que non exista obriga legal de emitir factura, o gasto xustificárase mediante recibín asinado polo pagador e polo prestador do servizo (no que deberá figurar a retención do IRPF, de ser aplicable) acompañado do xustificante de pago a través de entidade bancaria e, se é o caso, do documento de ingreso a favor da administración tributaria do importe retido en concepto de IRPF; excluírase a xustificación por non cumprir coas obrigas fiscais.

- No caso de gastos de arbitaxes de actividades deportivas, achegarase, ademais do sinalado no parágrafo anterior, unha certificación do correspondente colexio de árbitros ou entidade que asuma as súas funcións, acreditativa do gasto realizado.

- No caso de gastos de desprazamentos de deportistas con medios propios, deberase presentar unha declaración xurada dos desprazamentos ao prezo máximo de 0,26 euros por Km, asinada polo deportista e co visto e prace do presidente e secretario da entidade.

Ademais, os desprazamentos xustificados mediante recibos, deberá constar sempre o lugar de orixe e de destino, así como os días dos desprazamentos, quilómetros diarios e o prezo por quilómetro. Os outros gastos como peaxes, comidas/ceas etcétera, que non se xustifiquen como axudas de custo, xustificadas mediante recibo, só serán tidos en conta, se ao recibo se xunta o correspondente ticket.

En todo caso, os documentos xustificativos presentados, tales como facturas, recibos e demais documentos análogos, deberán reunir os requisitos que estableza a normativa fiscal vixente, en particular no que se refire á normativa do imposto sobre o valor engadido e do imposto sobre a renda das persoas físicas.

F) Certificación do número de conta expedida pola entidade financeira correspondente.

G) Acreditación das medidas de difusión adoptadas (mediante presentación dunha copia dos impresos nos que figuren as ditas medidas de difusión) ou da súa inclusión na páxina web da entidade (indicando o enderezo da dita páxina web, para a súa comprobación polos servizos provinciais).

2. A conta xustificativa presentarse conformada polo presidente da entidade.

3. Para considerar xustificada a subvención, deberase acreditar a realización de gasto corrente por contía igual ou superior á presentada no orzamento que serviu de base á valoración da subvención, e presentar ademais xustificantes de gastos (facturas ou equivalentes) polo importe da subvención concedida.

No caso de non acreditarse a realización de gasto por unha contía igual ou superior á presentada no orzamento que serviu de base para a valoración da subvención, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos seguintes supostos, nos que procederá a perda total do dereito á subvención:

a) Que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención.

b) Que a redución do orzamento da actuación executada con respecto ao presentado coa solicitude sexa tal que, de ser tida en conta na valoración efectuada para a concesión, tivese dado lugar á denegación da subvención.

Igualmente, non se considerará xustificada unha subvención cando, aínda manténdose a contía de gasto prevista, se producisen cambios ou modificacións de carácter substancial no proxecto, entendendo por tales aqueles que, de ter sido contemplados na solicitude, deran lugar a unha valoración inferior do proxecto, ou aqueles que consistan na realización dunha actividade esencialmente distinta á proxectada.

Naqueles casos nos que as modificacións só afecten a parte do proxecto, a subvención poderá considerarse parcialmente xustificada na parte non afectada, declarándose a perda do dereito á subvención correspondente ao resto.

En todo caso, cando a contía do gasto xustificado sexa inferior ao 25% do orzamento presentado coa solicitude de subvención, esta entenderase automaticamente como non xustificada, dando lugar ao reintegro ou perda total do dereito á subvención concedida.

De conformidade co establecido no artigo 31.8 da Lei xeral de subvencións, os tributos son gasto subvencionable cando o beneficiario da subvención os aboa efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos, cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

En consecuencia, e para os efectos de considerar como gasto subvencionable o IVE dos documentos de gastos presentados para xustificar a subvención concedida, o beneficiario deberá cubrir o **anexo XII** e achegar a documentación que proceda.

4. Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención.

5. A xustificación dos gastos incluírá a acreditación fidedigna do pagamento destes.

6. A Deputación poderá comprobar a realidade do gasto certificado a través dos oportunos procedementos de auditoría e control financeiro, de conformidade co establecido na Lei xeral de subvencións, así como esixir aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto.

7. De advertirse deficiencias de carácter corrixible na conta xustificativa, a Presidencia concederá un prazo de dez días hábiles para a súa emenda. Ao abeiro do disposto no artigo 45.1b) da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, o requirimento para emendar as ditas deficiencias materiais realizarase exclusivamente a través da súa publicación no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica da Deputación Provincial (<http://sede.depourense.es>) e na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, acceso a concursos, concurso para a concesión de subvencións a entidades deportivas e entidades sen ánimo de lucro para a organización de eventos deportivos para realizar durante o exercicio de 2024. No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base quinta, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, notificándosele unicamente e en todo caso, na antedita páxina web.

8. Se a conta xustificativa fose presentada correctamente, mediante resolución da Presidencia declarárase xustificada a subvención, o que se lles notificará aos interesados con indicación dos recursos que procedan e do prazo máximo de pago, que será de trinta días naturais contados desde a data da resolución. No suposto no que se advirta, no trámite de xustificación da subvención, a falta total ou parcial da xustificación esixible, procederase á incoación do expediente de perda do dereito á subvención que corresponda. No suposto de procedementos de perda do dereito á subvención de carácter parcial, estes tramitaranse de xeito acumulado co procedemento de xustificación, resolvéndose nun único acto administrativo todas as cuestións que suscite o expediente.

9. A competencia para declarar xustificada ou non unha subvención, así como para o exercicio das accións de reintegro ou declaración de perda do dereito á subvención e para o exercicio da potestade sancionadora, corresponderalle á Presidencia, ou ao deputado no que delegue.

10. A xustificación deberá realizarse ante a Deputación como data límite o 30 de novembro de 2024. O dito prazo terá carácter improrrogable, agás naqueles supostos nos que os eventos pola súa propia singularidade, se celebren con posterioridade a esta data e sempre dentro do período subvencionable.

Nestes supostos, o prazo máximo de xustificación será o 15 de xaneiro de 2025.

11. Como regra xeral, as subvencións seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais desde que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a pedimento dos interesados, suxeitos á constitución de garantía por importe do 100% do anticipo solicitado. Para estes efectos, admitiranse as seguintes garantías:

a) Aval de entidade de crédito

b) Seguro de caución

c) Fianza en metálico

d) No suposto de subvencións por importe de ata 6.000,00 euros, admitirase fianza solidaria prestada por dúas ou máis persoas físicas e xurídicas, sempre que estas acrediten suficientemente a súa solvencia económica.

Non obstante o anterior, estarán exentas da prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que, no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 2% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante.

12. Poderán realizarse pagamentos a conta, tras a previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas do gasto correspondente.

En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificativo do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Décimo quinta.- Obrigas dos beneficiarios:

Con carácter xeral, os beneficiarios asumirán todas as obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos na dita lei, así como ás obrigas de publicidade.

Décimo sexta.- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas ou privadas:

As subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras axudas ou subvencións públicas, concedidas por administracións distintas da propia Deputación de Ourense ou do seu organismo autónomo, o INORDE, para os mesmos gastos ou por entidades ou empresas privadas, sempre que o conxunto das ditas axudas non exceda do 100% do gasto da actividade subvencionada.

Así mesmo, estas subvencións tamén serán compatibles con outras subvencións concedidas pola Deputación Provincial de Ourense ou do seu organismo autónomo, o INORDE, sempre que se traten de procedementos de concorrência competitiva, coas salvidades previstas na base primeira e sempre que o conxunto das ditas axudas non exceda do 100% do gasto da actividade subvencionada.

Décimo sétima.- Reintegro ou perda do dereito á subvención:

En caso de incumprimento da entidade por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións, procederase á tramitación dun expediente de reintegro ou, se é o caso, de perda do dereito á subvención concedida. A obriga de reintegro ou a perda do dereito poderá ser total ou parcial, en función da gravidade do incumprimento do beneficiario, graduándose de acordo co principio de proporcionalidade. En todo caso, o reintegro incluírá sempre e como mínimo os importes cuxo gasto non se xustifícase en prazo.

Nos supostos nos que da conta xustificativa se deduza que a actividade obtivo subvencións por importe superior ao 100% do seu custo, a Deputación Provincial reducirá proporcionalmente a axuda concedida na contía necesaria.

Unha vez tramitado o expediente de reintegro ou perda do dereito á subvención, concederáselle ao interesado un prazo de quince días hábiles para que poida comparecer no expediente, tomar audiencia e, á vista deste, propor as probas e realizar as alegacións que teña por conveniente. Concluídas estas actuacións e emitidos os informes oportunos, ditarase a resolución que corresponda pola Xunta de Goberno.

Décimo oitava.- Normativa supletoria:

En todo o non disposto nestas bases seralle de aplicación a esta convocatoria e ás subvencións que se concedan ao seu abeiro o disposto na normativa de subvencións aplicable á administración local, así como na lexislación vixente en materia do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2º.- Os anexos aos que fan referencia as citadas bases figuran, para coñecemento e efectos oportunos, da Sección de Subvencións e publicaranse, xunto co pertinente acordo, no BOP e na sede electrónica da Deputación.

3º.- Aprobar a convocatoria das referencias bases e ordenar a publicación do correspondente anuncio no BOP e na sede electrónica da Deputación.

5º.- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE ENTRIMO, PARA “XURES EXPERIENCE”, CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2024. De conformidade coa

proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor do Concello de Entrimo, nos seguintes termos:

-Importe: 12.000,00 €.

-Obxecto: “Xures Experience”, correspondente ao exercicio 2024.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe do orzamento presentado para a concesión da subvención (17.400,00 euros) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.
